

**A «ENCRUCILLADA ROSALÍA»:
A TRIPLA FENDA, A TRIPLA
MILITANCIA**
RETRUQUE AO RELATORIO DE
FRANCISCO RODRÍGUEZ

Helena González Fernández

Centre Dona i Literatura, Universitat de
Barcelona

doi:10.17075/rcsxxi.2014.039



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

En primeiro lugar, quero facer público o meu agradecemento á organización do congreso pola oportunidade de participar nesta sesión en disposición de conversa mellorada con Francisco Rodríguez, un nome imprescindíbel nos estudos rosalianos das últimas décadas e un dos investigadores que contribuíu de maneira decisiva a ordenar documentación, datos e informacións contextuais para mellor entender a figura autorial e a obra de Rosalía de Castro no seu tempo, mais tamén como escritora auroral do canon literario, que é o fito histórico que celebramos en 2013. Agora ben, se algo caracteriza as achegas de Francisco Rodríguez neste eido é o feito de considerar a Rosalía non só como escritora e figura singular do seu tempo senón como provedora dos repertorios discursivos da nación, eses que constitúen a moral comunal e interactúan cos repertorios de acción (Steinberg 1995).

Nun eido relativamente reducido como o da investigación nos estudos galegos, ou, para mellor medir o terreo, nunha agra coma a da crítica da cultura galega, a inercia, ou se cadra o panóptico, leva ao confort das ortodoxias, á confusión entre a teoría e acción máis que á permeabilidade entre ambos os ámbitos, e mesmo parece tender á naturalización das prácticas de trincheira. Entre os discursos uniformizadores e a disolución do compromiso, a crítica da cultura debe manter unha extrema ou, se se quere, un espazo para o debate que actúe como a metáfora da mesa de Hannah Arendt (Birulés 2012: 30). Sen esa extrema, sen ese espazo, sen esa mesa, o debate axiña se entende como ataque, e a lectura localizada banalízase como opinión non fundamentada. Declarar o lugar ideolóxico e teórico desde o que se analizan os materiais da cultura debe pórse en valor como exercicio de honestidade intelectual que converte en intelixíbeis as hipóteses e os argumentos que se manexan. E digo isto porque nos estudos rosalianos, como vimos repetindo moitas veces, por veces parecen máis importantes as adscricións ás escolas interpretativas que o debate sobre o saber dispoñíbel, e desas sementeiras veñen as malas colleitas, marcadas pola loulela inaugural, unha sensación de continua descuberta dos materiais rosalianos («un paso adiante, i-outro atrás, *Rosalía*, e a tea dos teus soños non se move») e un coñecemento sincopado e furado, porque hai análises que non se leron, e releron, como cumpría, e, como diría Bourdieu (2005: 11-12), porque hai unha fetichización da cita, unha

fetichización das ortodoxias fronte ao esforzo de pensar. Non se me entenda mal, creo que o coñecemento avanza cando hai disrupción e continuidade —Foucault (1969: 13) di que a historia do pensamento, do saber, da filosofía, da literatura «semble multiplier les ruptures et chercher tous les hérissés de la discontinuité»—, mais non desde o abismo do baleiro e non desde o coñecemento escorado.

Como dicía, sitúome aquí en posición de conversa porque o máis interesante desta sesión era escoitar a intervención de Francisco Rodríguez, e, sobre todo, aproveitar a oportunidade de telo como interlocutor para especular e interrogar. Nesa conversa temos a oportunidade de actuar desde a posición do espectador emancipado que defende Jacques Rancière (2010: 19), mais a min tocume unha posición mellorada desde a que tiven a oportunidade de ler o texto que serve de base a esta intervención: extenso, suxestivamente anotado, demorado na argumentación e atento á demostración polo miúdo, para debullar a representación e a conciencia da nación na poética rosaliana, mesmo cos seus moi incómodos tirapuxas e tabús. Aínda que hai ben tempo que sabemos que nin Rosalía de Castro, nin calquera outro nome do canon literario, se pode reducir a modélica figura ilustre (obra, interpretación e vida son sempre máis complexas), ao ser ela una figura canónica auroral, tantas veces convertida en monumento, non está libre das simplificacións. Desde o punto de vista da recepción actual non hai unha Rosalía, hai moitas. E aínda que convén non perderse nesa sala dos espellos, cómpren, sobre todo, visións complexas e demoradas.

Un dos aspectos que máis me interesou desa lectura mellorada que fixen do texto de Francisco Rodríguez é a súa vontade de polemizar, como saben as persoas que seguen o seu blog, *Retrinco mensual*, ou os que len as súas colaboracións na prensa, mais tamén a de revisar(se). Esta vontade de continua revisión deu en ser, de feito, unha constante. Non é este o momento para a *laudatio* do conferenciante, e xa que logo non vou citar as súas innumerábeis achegas desde que nos anos setenta publica os seus primeiros traballos. Déixenme sinalar, iso si, que entre os dous libros que funcionan como marcos da súa agra rosaliana —enténdase *marco* no sentido agrario do termo—, é dicir, entre *A análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* (1988) e *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)* (2011), prodúcese unha revisión importante da interpretación propia, sen mudar no substancial; unha revisión que, en parte, vén propiciada pola singular situación da documentación sobre Rosalía de Castro e o seu tempo. Publicouse, por exemplo, o voluminoso epistolario de Murguía, as hemerotecas dixitais históricas permiten un

ripado máis eficaz dos xornais da época e, como vén afirmando Francisco Rodríguez, aínda poden aparecer textos e datos esquecidos, como lle aconteceu a el mesmo, cando, logo de andar á súa procura, recuperou un poema que lle encargaron a Rosalía de Castro para recibir a Salustiano de Olózaga. Agora ben, entre os dous libros, entre eses dous marcos, acontece un cambio que, ao meu ver, é fundamental, e levo a auga ao meu muíño: a incorporación dos estudos de xénero e sexualidade como chave interpretativa imprescindible para unha descrición desveladora da materia rosaliana e mais como ferramenta imprescindible para debullar a conciencia diferencial da nación que Rodríguez defende no seu traballo. É así como se pasa da análise sociolóxica de 1998 á estranxeira na patria de 2011. Se a estranxeiridade devén ideoloxema feminista nas análises sucesivas de Catherine Davies (1995) e Carmen Blanco (1998), en Rodríguez acada agora unha nova dimensión nacional e defende que en Rosalía non hai renuncia á nación nin á lingua senón silenciamento por parte dos que a ven como incómoda fornecedora de discurso para a nación. Recunca, daquela, na estranxeiridade en Rosalía non como derrota, senón como afirmación.

As lecturas feministas, hoxe irrenunciábeis e que ben reivindicou Margarita Ledo neste congreso, abriron novas rodeiras para a coñecer mellor e perfilaron, ao humanizala, as moitas Rosalías. A muller con formación intelectual e ambición artística. A intelectual que vindica os dereitos das mulleres das clases campesiñas que non chegara a articular Mary Wollstonecraft. A literata que nin actúa ao ditado do seu home nin se limita a recompilar a musa popular. A cidadá que ergue con paixón as bandeiras da nación e da xustiza e por iso mesmo dá en ser considerada estranxeira e tola no adro do «templo» da patria, ou da nación, que nisto hai matices. A escritora que goberna, coa mesma convicción e teimosía, o verbo político no espazo público e os seus silencios.

Daquela, ademais dos termos básicos —xénero e sexualidade—, Rodríguez enxerta na súa análise outros conceptos que a crítica literaria feminista veu empregando para desarticular a mistificación rosaliana e retrucar cunha interpretación menos escolástica e máis fundamentada, da trepia que, ao meu ver, compón a «encrucillada Rosalía»: a obra, a biografía, a autora. E nos tres ámbitos quedan aínda moitos aspectos pendentes de ler con ollos novos. Na obra literaria, por exemplo, ademais de cuestións de carácter ecdótico, aínda non despregamos en toda a súa potencialidade unha lectura transversal abranxente da poesía e da narrativa. As causas son varias; sinalo algunhas. En primeiro lugar, a superación do prexuízo da lingua é

relativamente recente e aínda presenta problemas de autorización polo propio funcionamento do criterio filolóxico, un inconveniente que leva a situacións que aínda resultan difíciles de resolver. En segundo lugar, a lectura da súa obra narrativa está pexada pola presenza esmagadora do realismo como chave interpretativa. En terceiro lugar, a ansia de evidencias biográficas e de xustificación ideolóxica da «autora que se quere ler» interponse como veo para abrir a interpretación nos seus textos como ficción, o que dificulta, e mesmo deslexitima, outras lecturas. E, en cuarto lugar, aínda temos pendente, como suxería Basilio Losada nunha das proveitosas conversas con el, realizar con vagar a lectura transversal e conxunta da obra poética e narrativa. Esa que nos permitiu, por exemplo, incorporar rastros diferentes da literatura gótica na súa obra, como a figura da vampira de *El primer loco* fronte á do vampiro nun poema de *En las orillas del Sar* (González Fernández, 2012: 197).

Francisco Rodríguez, que desbota polo de agora ofrecer o seu relato biográfico malia ter abundancia de datos, dedica boa parte da súa pescuda a responder tres preguntas fundamentais sobre a «autora», é dicir, cando dicimos «Rosalía de Castro», quen fala?, que di? e para quen escribe, particularmente os seus textos en galego? A súa pescuda faise desde unha localización que se nos declara e que foi evoluíndo, por dicilo dun xeito moi reducido, desde a prevalencia das categorías de nación e a clase, á incorporación do xénero como un trazo identitario relevante. «Ser galega, emancipada e avanzada», esa é a definición que dela ofrece, apañando por xunto, nun feixe, o que ao seu ver son as principais evidencias identitarias: nación, xénero, dignidade e liberdade. Esta definición inevitabelmente remite, desde o meu lugar de lectura, aínda que non o traduza ao pé da letra, á coñecida como *tripla fenda/tripla militancia* de Maria-Mercè Marçal cando afirma: «A l'atzar agreixo tres dons: haver nascut dona, / de classe baixa i nació oprimida. / I al tèrbor atzur de ser tres voltes rebel» (Font i Espriu 2011: 101). Nunha «autora» senlleira como Rosalía, de tanta intención política, esta descrición, feita por un «lector» como Francisco Rodríguez, atento e tamén claramente posicionado como intelectual e político, suxire un suxeito politicamente situado na encrucillada do nacionalismo, o feminismo e a defensa da xustiza social. Xorden, daquela, os primeiros interrogantes que abre unha lectura emancipada do texto e que formulo a xeito de cuestionamento aberto:

—En primeiro lugar, pódese/quérese inferir unha representación da muller como suxeito revolucionario, e non apenas como a metáfora heteropatriarcal da nación?

—En segundo lugar, seguindo o fío dun debate en que hai posicións encontradas no feminismo actual —na banda escéptica co esencialismo feminino a Celia Amorós (1991: 225) lendo a Manuel Sacristán e W. Harich, na banda escéptica co nacionalismo identitario, basicamente conservador, Joana Sabadell (2009)—, pódese/quérese inferir unha feminización do suxeito da nación?

—En terceiro lugar, é posíbel reformular a nación como *feminación*, entendida como un espazo que faga máis habitábel o común para todas e todos? Unha nación, onde, seguindo a Hannah Arendt (Birulés 2012: 36) prevaleza o *contrato mutuo*, antes que o *contrato social*, é dicir, o vínculo entre as persoas, que constitúen a nación, antes que a relación da cidadanía cos gobernantes?

—E, en cuarto lugar, pódese/cómpre engadir a esa encrucillada a ecoloxía como factor implicado na definición da identidade colectiva, xa que, na fin de contas, vivimos nun lugar?

Para ir rematando, unha das achegas máis sorprendente e arriscada que Francisco Rodríguez vén facendo nos últimos anos é a que se refire á representación da sexualidade na obra de Rosalía de Castro, que, coido, precisaría aínda de análises máis demoradiñas, máis perfiladas. Se a Rosalía mistificada se artellou a partir da ocultación da súa vontade como muller, o certo é que a esta muller aínda non a vemos como cómpre en relación á representación e concepción da sexualidade. O pudor domina aínda a lectura dos corpos que se representan na obra rosaliana, se cadra porque os seus corpos doentes, particularmente os *de Follas novas*, actúan coma iconas tan poderosas que actúan como veos dos outros corpos que aparecen na súa obra. E, como as interpretacións non son nunca cándidas, sen dúbida tamén inflúe niso o feito de que a lectura normativa parte da carencia de desexo sexual na mesma Rosalía en canto muller, cousa que non debería sorprenden se reparamos en que, ata hai ben pouco, mesmo lle era negado o desexo de escrita, moito máis doado de probar e menos reprobábel nunha muller que se afirma como escritora. Rodríguez abriu hai algúns anos este camiño, no que cumpriría recuncar máis polo miúdo. Aínda que nos recentes achegamentos queer á literatura galega, se optou, de maneira intencionada, por non limitarse a apor as etiquetas de identidade sexual á autoría —estoume a referir ás Xornadas A Marxinalidade na Cultura: a Homosexualidade, que tiveron lugar no IES Eduardo Blanco Amor de Ourense en 2011—, o certo é que, por veces, a lectura queer como revoltallo de textos, autor@s e personaxes, leva a unha confusión que limita os resultados. Ata hai ben pouco, só o corpo queer, arri-

chado e afouto, da musa que fala no diálogo introdutorio a *El caballero de las botas azules*, rompía cos modelos de beleza e de construción autorial. Rodríguez salienta neste caso o poema «Eva», publicado en 1861 no *Almanaque do Museo Universal*, e que, aínda que suxeito ao tópico do Ave/Eva, acada unha carnalidade que, se se me permite a anacronía, achega Rosalía a Florbela Espanca.

Rodríguez defende que o ideal afectivo e erótico de Rosalía cadraba co seu proxecto ideolóxico e cultural, e reforzábanse mutuamente. Neste mesmo lugar, no Consello da Cultura Galega, faltaba Victoria Camps sobre o relevo das emocións en política, entendendo emoción como concepto distinto ao sentimento e á paixón, e opostos os tres á razón. Tamén estes carreiros abren interrogantes:

—Con palabras do manifesto *De Rosalía máis alá*, de Ana Romaní, como concibe Rosalía «a normativa do desexo, tan político o pracer»?

—Como se proxectan os comportamentos sexuais non normativos que atopamos nos textos no relato biográfico de Rosalía?

—Como altera a concepción da nación en Rosalía a existencia dun desexo sexual explícito que non se pode representar coas figuras pasivas que inzaron a interpretación coetánea, como a da matria-nai-viúva?

—Como muda o que Rodríguez denomina «sentimento patriótico» á luz dese ideal afectivo e erótico que ata agora non lemos en Rosalía?

Foucault, na súa conferencia «Qu'est-ce que un auteur?» (1983: 18), salientaba que, nalgúns casos, as autoras e autores non son apenas creadores de obras, e citaba a Marx, Freud e Ann Radcliffe. Francisco Rodríguez demostra que Rosalía de Castro é unha autora que actúa como «fundadora de discursividade» ou, dito con versos de Luz Pozo Garza, Rosalía actúa «sombra que se fai teoría» nos repertorios discursivos do noso estar comunal (González Fernández 2011). A «encrucillada Rosalía», a obra, a biografía, a autora, a nación, segue a prover de interrogantes e desafíos 150 anos despois¹, mais tamén vai atopando respostas porque, como proclama Ana Romaní no manifesto *De Rosalía máis alá* (2006): «Debandamos as cartografías dos plurais, o seu tránsito e as fugas, socavamos os discursos, transgredimos ou cedemos, tomamos as medidas desa autoridade, desfecemos as costuras e berramos consumidas desta furia: ¡non hai patrón, Eduarda, non hai patrón».

1 Sobre a conceptualización da revolución nalgúnhas escritoras feministas galegas contemporáneas e unha lectura deste manifesto, cfr. González Fernández (s/d).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AMORÓS, Celia (1991): *Hacia una crítica de la razón patriarcal*, Barcelona, Anthropos.
- BIRULÉS, Fina (2012): «La distancia como figura de la comunidad, Hannah Arendt», en Marta Segarra (ed.), *Repensar la comunidad desde la literatura y el género*, Barcelona, Icaria, 29-92.
- BLANCO, Carmen (1998): «A subversión múltiple. “Estranxeira na súa patria” de Rosalía de Castro», *Unión Libre*, 3, 37-47.
- BOURDIEU, Pierre (2005): *Capital cultural, escuela y espacio social*, Mexico D.F. / Bos Aires, Siglo XXI.
- DAVIES, Catherine (1995): «The Return to Mother Cathedral, a *Stranger* in No-Man’s Land: Rosalia de Castro through Julia Kristeva», *Neophilologus*, 79, 63-81.
- FONT I ESPRIU, Marta (2011): «Un procés de feminació de la nació catalana: la paraula política/poética de Maria-Mercè Marçal», en Noemí Acedo / Aina Pérez, *A flor de text. Representacions de la corporeïtat als llenguatges artístics*, Barcelona, UOC, 97-111.
- FOUCAULT, Michel (1969): *L’Archéologie du savoir*, París, Gallimard.
- FOUCAULT, Michel (1983): «Qu’est-ce qu’un auteur?», *Littoral. Revue de Psychanalyse*, 9, 3-38.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2011): «Rosalía de Castro, sombra que se fai teoría», en Johannes Kabatek / Aitor Rivas (coord.), *Rosalía. Voces galegas e alemás*, Tübingen, Centro de Estudios Galegos, Universität Tübingen, 67-86.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2012a): «La musa, la estatua y la vampira», en Helena González Fernández / María do Cebreiro Rábade Villar (eds.), *Canon y subversión. A obra narrativa de Rosalía de Castro*, Barcelona, Icaria, 179-199.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2012b): «Dona i nació: com somniar la revolució», en Felip Martí-Jufresa / Xavier Bassas Vila (eds.), *Què se n’ha fet de la veritat? Què se n’ha fet de la revolució? Primeres jornades filosòfiques*, Barcelona, Arts Santa Mònica, 115-131. (http://issuu.com/artssantamonica/docs/text_definitiu) [última consulta: decembro, 2014].
- RANCIÈRE, Jacques (2010): *El espectador emancipado*, Vilaboa, Ellago.
- SABADELL, Joana (2009): «Feminación», *Lectora. Revista de dones i textualitat*, 15, 61-74.
- STEINBERG, Marc W. (1995): «The Roar of the Crowd: Repertoires of Discourse and Collective Action among the Spitalfields Silk Weavers in Nineteenth-Century London», en Mark Traugott (ed.), *Repertoires & Cycles of Collective Action*, Durham, Duke University Press, 57-88.

